



RESOLUCIÓN

A publicación da Lei 19/2013, do 9 de decembro, abriu unha nova etapa na organización e funcionamento da Administración pública en xeral e das entidades locais en particular. A dita Lei recolle unha serie de novas obrigas tanto no seu contido como no marco das relacións coa cidadanía, en especial, en relación coa conexión coa Administración electrónica como canle habitual e preferente para o exercicio das ditas obrigas.

Aínda que a normativa básica estableceu na súa Disposición final un prazo de dous anos para a entrada en vigor das obrigas locais, o Concello de Vigo comezou a traballar nas novas claves dende o primeiro día cunha clara directriz de xestión e coa implicación dos servizos transversais municipais. Dende as concellerías de Xestión Municipal e Administración Electrónica no mandato 2011-2015, áreas concentradas no mandato 2015-2019 nunha única concellería, foron impulsadas e coordinadas as distintas iniciativas para acadar o total e íntegro cumprimento do novo marco legal nos tempos fixados, é dicir, o pasado 10 de decembro de 2015.

Para alcanzar o dito obxectivo, a implantación da Lei de transparencia no Concello desenvolveuse dende a articulación da colaboración dos servizos municipais de carácter transversal, nomeadamente, Asesoría Xurídica, Intervención Xeral, Administración Electrónica, Tesourería, Recursos Humanos e Secretaría de Goberno Local, personificados nos seus responsables, que veñen traballando, en réxime de sesións informais, na resolución das incidencias que se teñen producido durante o desenvolvemento do proceso, e no seu seguimento, sen prexuízo da colaboración da totalidade das áreas e servizos municipais.

Por Resolución da Alcaldía-Presidencia de data 19 de xuño de 2015 pola que se procedeu á estrutura das áreas de goberno municipal delegouse na Concellería de Xestión Municipal a competencia para “impulsar o desenvolvemento da política municipal en materia de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, velando pola adecuada difusión da información pública, mediante a publicidade activa no Portal de Transparencia e a publicidade pasiva, integrando os expedientes administrativos correspondentes”.

En execución da dita delegación, e ao abeiro das competencias que a normativa vixente en materia de réxime local lle confire á Alcaldía-Presidencia en canto á superior dirección do persoal municipal, contidas no artigo 124,4 i) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, modificada pola Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración local,





RESOLVO

Primeiro.- Constituír o Grupo Técnico de Traballo de Transparencia e Acceso á Información Pública do Concello de Vigo, presidido polo concelleiro-delegado de Xestión Municipal, D. Francisco Javier Pardo Espiñeira e integrado por:

- Dna. Margarita Parajó Calvo, titular da Asesoría Xurídica Municipal, ou persoa na que delegue.
- D. Alberto Escariz Couso, interventor xeral municipal, ou persoa na que delegue.
- D. Luis García Álvarez, tesoureiro municipal ou persoa na que delegue.
- D. Antonio Villanueva Guimeráns. xefe do servizo de Administración Electrónica, ou persoa na que delegue.
- D. Javier Albertos Benayas, técnico responsable de estudos e programación do servizo de Administración Electrónica, ou persoa na que delegue.
- Dna. María Dapena Gómez, xefa do servizo de Recursos Humanos ou persoa na que delegue.
- Dna. M^a Concepción Campos Acuña, secretaria do Goberno Local, quen actuará tamén como fedataria pública ou persoa na que delegue.

Tamén asistirá ás reunións do Grupo Dna. Patricia Rodríguez Calviño, asesora da Alcaldía.

Segundo. - As funcións atribuídas ao Grupo de Traballo Municipal de Transparencia serán as seguintes:

- Estudo, análise e debate sobre os aspectos técnicos, xurídicos e operativos na aplicación da normativa en materia de transparencia, en particular, a integración dos procedementos administrativos na xestión de expedientes e o desenvolvemento das aplicacións electrónicas necesarias para tal fin.
- Estudo, análise e articulación de solucións instrumentais para a adecuación das estruturas organizativas municipais ás necesidades derivadas da tramitación de expedientes afectados polas obrigas legais en materia de transparencia, tanto directa como indirectamente.
- Ditame sobre criterios xerais en relación coa aplicación da normativa en materia de transparencia. No caso de que o referido ditame deba ser elevado ao órgano competente para a adopción formal de resolucións para os ditos efectos, encoméndaselle á secretaria do Goberno a



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo	Data impresión: 02/06/2017 10:22	Páxina 2 de 3
Expediente 66/1102	Código de verificación: 25EE4-53E4B-D5C35-B2AB5	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica http://www.vigo.org/csv		



Concello de Vigo

formulación do correspondente informe-proposta.

- Impulso, no marco das directrices da concellería de Xestión Municipal, as políticas municipais en materia de transparencia e acceso á información pública, prestando, cando sexa requirido para tal fin, asesoramento aos servizos e áreas municipais no marco da competencia material asignada.
- Cantas outras lle resulten atribuídas pola concellería delegada de Xestión Municipal en garantía do cumprimento das prescricións normativas que, en cada momento, se vaian aprobando e da execución das decisións organizativas municipais.

Terceiro.- Para a correcta execución das ditas funcións o Grupo de traballo contará coa total colaboración e dispoñibilidade das distintas áreas e servizos municipais, que poderán ser convocados ás sesións do grupo para instrumentar a dita colaboración e para o asesoramente na resolución das incidencias que poidan xurdir.

Cuarto.- O Grupo de traballo, dada a súa composición e natureza profesional e técnica, non terá a consideración de órgano colexiado municipal e carecerá de competencias de carácter decisorio, nos termos establecidos pola normativa en materia de réxime local e en materia de función pública.

Quinto.- Notificar a presente resolución ás persoas designadas, darlle xeral publicidade mediante a súa inserción na intranet municipal e no Portal de Transparencia do Concello de Vigo e dar conta á Xunta de Goberno Local para o seu coñecemento.

CCA

Vigo, data segundo sinatura electrónica. O CONCELLEIRO DDO. DE XESTIÓN MUNICIPAL. Francisco Javier Pardo Espiñeira (R.A. 19,06,2015) Dou fe. A SECRETARIA DO GOBERNO LOCAL. M^a Concepción Campos Acuña.



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo	Data impresión: 02/06/2017 10:22	Páxina 3 de 3
Expediente 66/1102	Código de verificación: 25EE4-53E4B-D5C35-B2AB5	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica http://www.vigo.org/csv		